



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 11 DE MAIO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO. EXCMO. SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consello da Xuventude de Galicia, para o financiamento das súas actividades para o ano 2006.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo relativo á resolución do concurso público para outorgar, mediante concesión, a xestión indirecta do servizo público de radiodifusión sonora dixital, de cobertura autonómica, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo relativo á resolución do concurso público para outorgar, mediante concesión, a xestión indirecta do servizo público de radiodifusión sonora dixital, de cobertura local, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto de 8.353.816,98 euros correspondentes á obra: "Acondicionamento da estrada PO-406 (antiga C-531). Treito: A Cañiza-Filgueira".
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, Teo, Val do Dubra e Vedra, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela, e a superación dos límites de gastos para exercicios futuros derivados do compromiso de compensación ao Concello de Santiago de Compostela previsto no referido convenio.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en relación coa orde pola que se convocan bolsas de colaboración en departamentos das universidades do Sistema Universitario de Galicia, destinadas ao alumnado de excelencia académica, para o curso académico 2006-2007.
- Acordo polo que se aproba a addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Xunta de Galicia para a aplicación de diversos programas de apoio a centros de Primaria e Secundaria, para o ano 2006.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de carácter plurianual á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información para proceder á convocatoria pública para a concesión de bolsas para a formación de dinamizadores da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para o exercicio de 2006.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia para o seguimento da extensión da banda larga na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Fundación Náutico-Deportiva Rías do Sur* para o cofinanciamento do investimento exixido pola construción dun complexo náutico-deportivo no lugar de Pontemuíños, Lourizán (Pontevedra).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de San Sadurniño para a realización de obras de limpeza e consolidación do Castelo de Naraío, 1ª fase.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e a Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas) para a xestión dun Plan de Formación Continuada, promovido polo Sergas, no marco do acordo de formación continuada das administracións públicas.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello do Carballiño para acondicionamento do acceso ao punto limpo desde Medela.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Muros para a construción dun punto limpo.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Castro Caldelas para a execución das obras: "Mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias. Renovación do sistema de abastecemento de Castro Caldelas. Castro Caldelas (Ourense)", por importe de 207.248,27 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Campo Lameiro para a execución das obras: "Plan de saneamento. Saneamento, abastecemento e depuración en Campo Lameiro. Campo Lameiro (Pontevedra), por importe de 392.000 euros".

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre o peche do exercicio orzamentario de 2005.
- Informe económico-financieiro sobre a situación financeira da Comunidade Autónoma de Galicia a 31-12-2004 e 31-12-2005.



O CONSELLO DA XUNTA ACORDA DECLARAR DESERTA A CONCESIÓN DAS LICENZAS DE RADIODIFUSIÓN SONORA DIXITAL, DE ÁMBITO AUTONÓMICO E LOCAL

- *Un informe técnico solicitado pola Mesa de Contratación así o aconsella*
- *Segundo o texto deste informe, o estado actual da tecnoloxía de radiodifusión sonora dixital –DAB- non permite acadar os obxectivos recollidos no concurso público en Galicia*

O Goberno galego acordou esta mañá declarar deserto o concurso público para a concesión das licenzas de radiodifusión sonora dixital en Galicia, tanto as relativas ao ámbito autonómico como as de ámbito local. O *Diario Oficial de Galicia* publicara, o 20 de maio de 2005, anuncios de concurso público para outorgar estas concesións pero a Mesa de Contratación solicitou un informe que, nas súas conclusións, aconsella non outorgar estas licenzas, ante as circunstancias da radiodifusión sonora dixital en España no momento actual.

Unha vez rematado o prazo para concorrer á dita contratación, a mesa reuniuse para realizar as tarefas propias da tramitación nun procedemento licitador. Así, o acto público de apertura de ofertas técnicas celebrouse o 24 de xuño de 2005, de acordo co previsto no anuncio da licitación.

Porén, a Mesa de Contratación solicitou un informe que analiza a tecnoloxía empregada e as condicións existentes na Comunidade Autónoma para o desenvolvemento da radiodifusión sonora dixital. O informe analiza a evolución da radiodifusión sonora dixital –DAB- e os acontecementos posteriores á convocatoria pública. Segundo conclúe o informe, estes acontecementos desaconsellan a introdución desta tecnoloxía no mercado radiofónico galego no momento actual. Esta resolución será publicada en breve no *Diario Oficial de Galicia* e notificada aos interesados.

Estado da radiodifusión sonora dixital na actualidade

Segundo se indica no informe, malia que en España se dispón de tecnoloxía necesaria e dun marco xurídico regulado para a implantación da radiodifusión sonora dixital, os radiodifusores privados con licenza de emisión non están a apostar definitivamente polo sistema xa que, na actualidade, o parque de receptores existente nas casas é mínimo.

A DAB considérase un negocio nada rendible para os radiodifusores xa que posúe uns gastos de implantación e mantemento que non se ven recompensados por ingresos en concepto de publicidade pola escaseza de oíntes potenciais.



A diferenza do caso da Televisión Dixital Terrestre (TDT), a Radio Dixital (DAB) non é unha tecnoloxía de substitución e a transición do sistema analóxico ao dixital vai ser moito máis lenta e incluso, incerta, xa que se empeza a cuestionar o futuro desta tecnoloxía debido a mala recepción advertida en interiores, entre outros asuntos.

A escasa oferta de receptores de DAB domésticos no mercado e os altos prezos destes aparatos, en comparación cos actuais receptores de FM, fan que o proceso de dixitalización no caso da radio sexa case que nulo. Ademais, non existe nin oferta nin demanda de vehículos con radio dixital.

Polo tanto, segundo conclúe o informe, a evolución do desenvolvemento da DAB non foi a esperada desde a publicación do concurso público en Galicia. Así mesmo, o feito de que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio estea a planificar na actualidade novas frecuencias destinadas a FM, en lugar de apostar pola implantación da radiodifusión sonora dixital, fai pensar que o proceso se retardará. Dentro deste novo plan impulsado polo Ministerio de Industria, está previsto que se concedan unhas 100 frecuencias novas para Galicia.

Ademais, de acordo ao texto do informe, o Plan Técnico da DAB posúe erros importantes como deixar fóra das demarcacións creadas a algúns concellos de Galicia ou incluír nunha mesma demarcación varios núcleos importantes como é o caso da Coruña e Ferrol ou Pontevedra e Vigo. Tanto o Ministerio de Industria como a Xunta de Galicia están á expectativa de que o novo plan emende estes erros.

Á vista das ofertas presentadas a concurso, un total de 100 concellos quedarían sen DAB en Galicia. Polo tanto, gran parte da Comunidade Autónoma quedaría sen este servizo público ou con el reducido, o que produciría unha discriminación na prestación do servizo de radiodifusión sonora dixital e afectaría directamente á pluralidade informativa. Por outra banda, as previsións económicas, no contexto actual, fan pensar que moitos dos proxectos son inviables economicamente.

Implantación escasa

O informe conclúe que o intento de reordenación radiofónica mediante a implantación do DAB en España non parece ter conseguido o resultado esperado. Aparentemente sen o apoio dos operadores nin dos fabricantes dos equipos, o DAB foi esvaecéndose en España os últimos anos sen chegar a nacer nunca de forma definitiva. O parque de receptores DAB é anormalmente reducido e, a pesar de que as emisións comezaron, non está claro que exista unha audiencia real a quen dirixila. Ademais, nos últimos tempos a aparición doutros sistemas como o *simulcasting* permite a emisión simultaneamente en analóxico e dixital.



En consecuencia, a evolución do panorama da DAB e os acontecementos posteriores á convocatoria aconsellan a non introdución desta tecnoloxía no mercado radiofónico galego no momento actual.



VICEPRESIDENCIA FINANCIARÁ AS ACTIVIDADES DO CONSELLO DA XUVENTUDE DE GALICIA EN 2006

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio para o mantemento deste organismo*

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia da Xunta e o Consello da Xuventude de Galicia para o financiamento das súas actividades para o ano 2006. A Vicepresidencia destinará a este fin un orzamento de 180.302 euros.

O Consello da Xuventude de Galicia ten como finalidade a promoción da participación da mocidade galega na vida política, socioeconómica e cultural do país. Tamén é función súa a representación da defensa dos dereitos e intereses da xuventude ante as administracións públicas e a sociedade, e a extensión da política de desenvolvemento comunitario e de animación sociocultural no ámbito dos mozos. Ademais, ten un papel activo na promoción do asociacionismo entre a mocidade e a busca das canles de información e colaboración coas distintas organizacións xuvenís.



POLÍTICA TERRITORIAL E OS CONCELLOS DA ÁREA DE COMPOSTELA PORÁN EN MARCHA A REDE DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO

- ***O prezo do billete de autobús terá unha bonificación de 0,33 euros, da que a Xunta asume o 68 por cento do custe***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, Teo, Val do Dubra e Vedra, para a posta en marcha do Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela e a súa área de influencia.

Dito convenio, que as partes asinarán mañá venres, recolle unha serie de eixes básicos de actuación encamiñados a mellorar a oferta e a calidade do servizo de transporte público que abrangue o establecemento de novos itinerarios, as infraestruturas, a renovación e adaptación de vehículos, e a política tarifaria, entre outros.

O Plan de Transporte Metropolitano para a área de Santiago establece novos itinerarios con cabeceiras de servizo distintas da estación de autobuses (principalmente na rúa da Rosa) e, ademais, establece unha rede de intercambiadores e acomete unha reordenación das paradas existente.

Ata decembro de 2010 (data de finalización de vixencia do convenio), a Consellería de Política Territorial e máis os oito concellos integrantes do plan achegarán 2 millóns de euros para financiar as bonificacións tarifarias das que se beneficiarán os usuarios do transporte público que empreguen a tarxeta metropolitana. Ademais, Política Territorial destinará inicialmente 240.000 euros durante este ano á mellora das infraestruturas de transporte, como son a instalación de novo mobiliario urbano (un total de 53 marquesiñas) e a adaptación de vías de penetración urbana.

Respecto á política tarifaria, os usuarios que empreguen a tarxeta-moedeiro como sistema de pagamento aboarán unha tarifa maioritaria de 0,67 euros por billete. Esta redución é posible debido á bonificación de 0,33 euros que realizarán as administracións autonómica (0,225 euros, o que supón o 68 por cento do custe) e local (0,105 euros), e á achega dos operadores, que será de 0,05 euros.

Tras a sinatura do convenio autorizado hoxe, continuarase coas conversas coas empresas operadoras de transporte co fin de asinar os contratos-programa para a súa inclusión dentro da área metropolitana. A isto hai que engadirlle a posta en marcha da tarxeta metropolitana de transporte para os usuarios. Para a operatividade do sistema



é necesario unha adecuación informática das máquinas canceladoras nos autobuses de tal xeito que os usuarios poidan utilizar a tarxeta-moedeiro e ter acceso aos descontos que esta supón.

Doutra banda, o convenio establece a creación dunha comisión de seguimento e control do seu cumprimento, que presidirá a conselleira de Política Territorial e estará integrada polo director xeral de Transportes (que actuará de vicepresidente), o alcalde de cada un dos concellos que participan no plan e dous técnicos da CPTOPT. Ademais, establecerase unha canle de comunicación entre a dita comisión de seguimento e as empresas operadoras integradas na área co obxectivo de lograr a máxima operatividade do Plan Metropolitano de Transporte.



A XUNTA INVISTE, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, UN TOTAL DE 8'4 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA A CAÑIZA-FILGUEIRA

- ***Alargarase e mellorarase o actual trazado de 10 quilómetros, o que facilitará a circulación e incrementará a seguridade viaria***

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 8'354 millóns de euros nas obras de acondicionamento da estrada PO-406 (antiga C-531), no tramo que vai da Cañiza a Filgueira.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto necesario para acometer a devandita actuación, que afectará a 10'109 quilómetros de trazado. As obras, cun prazo de execución de 24 meses, principiarán este ano e concluirán en 2008.

A necesidade de efectuar estes labores de acondicionamento vén dada pola situación actual da devandita estrada, caracterizada por presentar curvas con raios mínimos de 20 metros e un largo de calzada de 6 metros, sen ningún tipo de barreiras de seguridade. Ademais, a circulación discorre por un terreo abrupto, o que provoca que en curvas de escasa visibilidade non sexa posible o cruzamento de dous vehículos cando un destes é de transporte pesado.

Ademais dos case que 8'4 millóns de euros desta actuación, a CPTOPT destinará outros 724.000 euros ao pagamento dos 520 predios obxecto de expropiación.

As obras programadas beneficiarán, fundamentalmente, os 9.737 habitantes dos concellos afectados, é dicir, A Cañiza e Crecente.

A execución do proxecto consistirá no alargamento e mellora da devandita estrada, cunha variación do trazado nun treito de dous quilómetros. Ao final do traxecto está prevista unha conexión provisoria coa estrada PO-801 (Filgueira-Límite da Provincia), que tamén se atopa en proceso de acondicionamento.

Canto ás características técnicas, destaca un carril adicional para vehículos lentos de 4'5 quilómetros de lonxitude, é dicir, case a metade do trazado. Así mesmo, a obra proxectada permitirá dispoñer de dous carrís de 3'5 metros de largo cada un, aos que se engaden senllas beiravías de 1'5 metros.

O raio mínimo será de 130 metros e os vehículos poderán circular con velocidades de entre 60 e 80 quilómetros/hora.



EDUCACIÓN E MEC DESTINAN MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS A CONTINUAR LOITANDO CONTRA O FRACASO ESCOLAR A TRAVÉS DO PROGRAMA PROA

- *Posto en marcha a finais de 2005, o proxecto continua este ano ampliándose número de centros a partir de setembro ata un total de 76*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Xunta de Galicia, concretamente coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a aplicación do programa PROA, que loita contra o fracaso escolar e presta especial atención á diversidade. En virtude do acordo autorizado hoxe, ambas as dúas administracións educativas investirán máis de 2 millóns de euros no desenvolvemento deste proxecto ao longo do ano 2006.

O acordo entre o MEC e a Xunta foi asinado en decembro de 2005 e nel enmárcanse unha serie de actuacións encamiñadas a mellorar os índices de éxito escolar en centros de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria (ESO). A raíz deste acordo púxose en marcha un programa de acompañamento en 20 centros de educación primaria e en 10 de educación secundaria, así como outro de apoio en outros 10 centros de secundaria. O primeiro dos programas, de acompañamento, implica atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe fóra do horario escolar, en pequenos grupos e durante catro horas por semana.

O programa de apoio dirixido a centros de secundaria pretende unha mellora do seu funcionamento en aspectos como a oferta de actividades, aspectos organizativos, metodolóxicos e outros, que posibiliten o éxito escolar.

Posto en marcha a finais de 2005, o programa PROA ten continuidade en 2006. Así, ata xuño deste ano, continua funcionando nos 40 centros iniciais, e a comezos do próximo curso 2006-2007, este número incrementarase en 36 centros máis, sumando así un total de 76 centros nos que se desenvolve o PROA.

Deste xeito, o programa de acompañamento en primaria desenvolverase, a partir de setembro, en 38 centros; o de acompañamento en secundaria, en 19 centros e o de apoio e reforzo en secundaria, nun total de 19 centros.

O custo deste programa para 2006 ascende a 2.038.200 euros que serán cofinanciados polo MEC e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, achegando cada un deles 1.019.100 euros.



EDUCACIÓN ACHEGA 126.000 EUROS A FAVORECER A PARTICIPACIÓN DE ESTUDANTES NAS TAREFAS DE DOCENCIA E INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

- *A Administración educativa concederá 40 bolsas a estudantes do último curso de ensinanzas universitarias*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a convocatoria de 40 bolsas de colaboración en departamentos das universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso 2006-2007. Esta liña de axudas está destinada aos alumnos do último curso de ensinanzas universitarias co obxectivo de iniciarse en tarefas de docencia e de investigación directamente vinculadas cos seus estudos.

A Administración educativa destinará á concesión destas axudas un total de 126.000 euros, dos cales 42.000 chegaráos en 2006 e os restantes 84.000 en 2007. Cada borseiro recibirá 350 euros mensuais.

As actividades para as que se solicita a axuda será realizadas durante o curso académico 2006-2007 e a duración máxima destas bolsas será de nove meses comprendidos entre outubro de 2006 e xuño de 2007.

Os solicitantes deberán presentar, entre outra documentación, un proxecto de colaboración avalado polo departamento universitario no que se vaia colaborar. Este documento estará asinado polo titor, que á súa vez deberá formar parte dun equipo de investigación dun proxecto financiado en convocatorias competitivas, tanto das administracións públicas como do sector privado, vixente ata finais de 2007.

Os beneficiarios destas bolsas deberán ter superado antes do curso 2006-2007 o primeiro ciclo, e polo menos, o 45 por cento dos créditos que integran o segundo. Os alumnos de medicina deberán ter superado o 60% deles.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ MÁIS DE 475.000 EUROS A BOLSAS PARA FORMACIÓN DE DINAMIZADORES DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

O Consello autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se autorizan compromisos de carácter plurianual á Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información da Consellería de Innovación e Industria, para proceder á convocatoria pública para a concesión de bolsas para a formación de dinamizadores da Sociedade da Información en Galicia para o presente ano 2006.

As bolsas concederanse para o desenvolvemento de estudos e prácticas formativas co obxectivo de proporcionar ás persoas seleccionadas a capacitación necesaria para propiciar o achegamento dos cidadáns ás aulas de recursos para a Sociedade da Información. Estes dinamizadores traballarán para familiarizar á sociedade galega co uso das novas tecnoloxías, guiarán a cidadáns e cidadás no proceso da súa alfabetización dixital, informaranos das oportunidades que brindan as administracións para a adquisición de tecnoloxía de acceso a internet e contribuirán a detectar as necesidades de servizos e contidos que poden ser útiles para a poboación coa que están en contacto. Igualmente, xestionarán as aulas, programarán e impartirán talleres formativos axeitados aos distintos colectivos que integran a poboación do territorio no que estean situados e colaborarán en rede coa dirección xeral e co resto de persoal das outras aulas de recursos para a Sociedade da Información.

O programa de formación desenvolverase en dúas fases: unha primeira, de formación teórica, á que terán acceso un total de 128 bolseiros e bolseiras, que realizarán un curso dunha duración mínima de 240 horas; e unha segunda fase, de formación práctica, á que terán acceso os 100 candidatos que obteñan as mellores cualificacións na fase teórica.

O importe total dos compromisos de gasto ascenden a 925.200 euros, dos que a Consellería de Innovación e Industria achegará 475.200 euros (en dúas anualidades de 271.900 euros –para 2006– e 203.300 euros –na de 2007–). Completarase o financiamento coa achega de 450.000 euros realizada pola entidade pública Red.es, ao abeiro do convenio coa consellería asinado en abril de 2006.



A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROIS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA REALIZARÁ O SEGUIMENTO DA EXTENSIÓN DA BANDA LARGA NO PAÍS

- *A Consellería de Innovación e Industria achegará máis de 150.000 euros para o desenvolvemento de distintas actuacións por parte da AETG*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) en virtude do que esta asociación levará a cabo o seguimento da extensión da banda larga en Galicia durante este ano 2006. Consellería e AETG xa teñen subscrito un acordo marco con este obxectivo no que se especificaba que a asociación realizará as actuacións de seguimento a través de convenios específicos nos que se definirán as tarefas que se van desenvolver, os seus prazos de execución e a contía orzamentada para cada unha das actuacións.

Neste sentido, o convenio autorizado hoxe polo Consello establece cinco liñas de traballo concretas: seguimento dos plans de extensión da banda larga actualmente en desenvolvemento; comprobación das deficiencias observadas pola consellería relativas á banda larga e á prestación do servizo universal de telefonía; deseño e mantemento dunha aplicación informática que desenvolverá Innovación e Industria relativa ás infraestruturas de telecomunicacións existentes no país; análise do estado da arte das tecnoloxías de telecomunicacións; e plan de actuacións de difusión dos datos acadados na execución das anteriores actuacións. Para o desenvolvemento destas actuacións, a consellería achegará un total de 150.603 euros.

Na primeira actuación citada, a AETG realizará o seguimento do plan de extensión de banda larga que está executando en Galicia o operador R Cable e Telecomunicacións Galicia, S.A., e colaborará no plan que co mesmo fin está executando Telefónica de España S.A.. A comprobación realizarase sobre as programacións existentes para 2006 e as pendentes de 2005. A asociación elaborará un informe bimensual no que se especifique o cumprimento de prazos, tecnoloxía e equipamento empregado para dar o servizo; largura de banda máxima despregable; medidas de cobertura e latencias acadadas alí onde a solución sexa sen fíos; e capacidade e escalabilidade da solución empregada.

No tocante á comprobación de deficiencias, a AETG realizará a verificación "in situ" das deficiencias sobre a prestación do servizo universal e das demandas de banda larga e elaborará un informe das observacións realizadas, á medida que a consellería demande. O número de verificacións estimadas é de dez mensuais por termo medio.



A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia tamén deseñará unha aplicación informática que recolle todos os datos e fitos actuais e históricos do programa de extensión de banda larga, así como de todas as redes de transporte de datos existentes en Galicia. Esta aplicación permitirá coñecer o estado actual da cobertura de banda larga e a súa evolución recente. A asociación manterá actualizada e operativa a aplicación introducindo os datos de partida e os que resulten do despregamento que se realice en 2006.

A AETG tamén facilitará un asesoramento continuo do estado da arte das tecnoloxías de telecomunicacións e cales e en que momento son de interese para a sociedade galega, e para unha serie de escenarios determinados, considerando en cada un a situación do núcleo de poboación respecto ás redes de transporte e acceso, e a densidade e perfil da demanda. Con este obxectivo, elaborará un estudo técnico-económico no que se detallarán os custos de despregamento, mantemento e operativa para cada unha das tecnoloxías en vigor; realizará o seguimento das tecnoloxías que se estean a empregar noutros lugares de España e de Europa e elaborará un informe trimestral no que se contextualizará a aplicabilidade das solucións ao caso particular de Galicia.

Por último, a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia organizará e participará, xunto co departamento autonómico, nunha xornada de difusión dos datos obtidos como consecuencia das actuacións descritas anteriormente.



MEDIO RURAL ASINA 25 NOVOS CONVENIOS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

O Consello da Xunta autorizou á Consellería do Medio Rural a asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta sexta quenda de 3.141.169 euros distribuídos en dúas anualidades.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos para realizar en distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Prevense tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento, e mecanismo de seguimento da execución do convenio.

Nesta sexta fase, destinaranse 3.141.169 euros para as obras que se executarán, logo da sinatura dos convenios, nos concellos de Camariñas, Malpica de Bergantiños, A Fonsagrada, Meira, Pedrafita do Cebreiro, Sarria, Sober, Triacastela, Allariz, A Bola, Carballeda de Avia, Gomesende, Maside, Muíños, Oímbra, A Peroxa, Quintela de Leirado, San Cibrao das Viñas, Trasmiras, Vilamartín de Valdeorras, Arbo, Mondariz, Salceda de Caselas, Soutomaior e Valga.

Estes 25 concellos correspondentes á sexta quenda súmanse aos 127 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE INVESTIRÁ 200.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN COMPLEXO DEPORTIVO EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA

- *Cultura colaborará coa Fundación Rías do Sur nesta iniciativa*
- *Os deportistas galegos de alto nivel vinculados ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva poderán utilizar estas instalacións*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Fundación Rías do Sur para o financiamento da construción do complexo náutico-deportivo de Pontemuíños e a súa utilización, cun orzamento de 200.000 euros.

Tal e como apunta o texto do convenio, este centro, de recente creación, está dotado cun importante e singular equipamento deportivo, constituído por diversos vasos de piscinas, entre os que destaca un de 50x25, único na provincia de Pontevedra e que permitirá a realización de probas do máximo nivel deportivo e o que é máis importante, a celebración de adestramentos diarios para os integrantes dos clubs promotores da iniciativa e de deportistas galegos residentes no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, existente na cidade de Pontevedra, de titularidade autonómica e xestionado pola Dirección Xeral para o Deporte-Consellería de Cultura e Deporte.

Ademais, tanto a Consellería como a Fundación Rías do Sur, manifestan que están interesadas na promoción xeral dos deportes náuticos e sinaladamente das diversas disciplinas deportivas que gardan relación coa práctica da natación polo que a construción da instalación de referencia posibilitará un doado acceso a esta práctica deportiva cualificada (tecnificación de deportistas de alto nivel) ao tempo que permitirá a toda a poboación da comarca a práctica deportiva e de lecer en relación co medio acuático.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 150.000 EUROS PARA LIMPAR E CONSOLIDAR O CASTELO DE NARAÍO

- *Limparanse as zonas exterior e interior, retiraranse derrubes e estabilizaranse os muros*
- *Os labores permitirán sacar á luz a estrutura do castelo e ter máis datos sobre a súa configuración*

A Consellería de Cultura e Deporte investirá 156.722 euros para limpar e consolidar o castelo de Naraío e o seu contorno, logo de que o Goberno galego autorizase na súa xuntanza desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre este departamento da Xunta de Galicia e o concello coruñés de San Sadurniño. As obras realizaranse ao longo deste ano e prolongaranse durante o 2007.

A intervención estará supervisada en todo momento por un servizo de arqueoloxía para comprobar a posible aparición de restos arqueolóxicos de interese e a selección de pezas arquitectónicas ou escultóricas que poidan aparecer neste castelo que data do século XII.

Os labores de limpeza consistirán no desbroce do montículo rochoso onde se atopa o castelo, do interior da fortaleza e da coroación dos muros. Os traballos permitirán sacar á luz os pequenos muros de contención e camiños de acceso que vaian aparecendo, de forma que se poida ver a estrutura do montículo. Neste sentido, o proxecto elaborado pola Dirección Xeral de Patrimonio inclúe a retirada de materiais de derrubes.

A limpeza tamén afectará aos muros, que se realizará a man dende a base ata o seu remate. Nesta fase agárdase atopar información sobre o tipo de construción, os materiais utilizados e tamén as fases nas que se construíu. Ao cabo, tanto nas ladeiras rochosas como nos muros tomaranse medidas para consolidar a edificación, repoñer sillares e apuntalar ocos.



SERGAS E FEGAS COFINANCIARÁN ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUA PARA OS TRABALLADORES DA SANIDADE GALEGA

O Consello da Xunta autorizou este xoves a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e a Fundación Pública Escola Galega de administración sanitaria (Fegas) para a xestión do Plan de formación continua, promovido polo Sergas no marco do acordo de Formación Continua das Administracións Públicas.

O Sergas é consciente do papel que xoga a formación e a reciclaxe dos profesionais sanitarios, e considera prioritario favorecer e impulsar a docencia para os seus profesionais como medida que contribúa a aumentar a calidade das prestacións. Por iso considera necesario subscribir este convenio coa Fegas, que se encargará da xestión de todas as actividades previstas no Plan.

Sergas e Fegas prevén manter a súa colaboración nesta materia non só a través do convenio específico que se asinará este ano, senón tamén durante os vindeiros 2007, 2008 e 2009.



MEDIO AMBIENTE DESTINA PRETO DE 400.000 EUROS A CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO EN MUROS E Á MELLORA DOS ACCESOS AO PUNTO LIMPO DO CARBALLIÑO

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vén de aprobar un investimento total de 400.000 euros para a construción e mellora de dous puntos limpos. Concretamente, o consello da Xunta aprobou hoxe os proxectos correspondentes á creación dun recinto na localidade coruñesa de Muros e á mellora dos accesos ao punto limpo do Carballiño, situado na parroquia da Medela.

No que respecta á localidade coruñesa, a Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental destinará 192.177 euros á construción dun punto limpo, que estará situado nunha parcela de 2.000 metros cadrados na parroquia de Serres. O prazo de execución das obras será de tres meses, unha vez que se adxudiquen os traballos de construción deste recinto, no que se poden depositar os residuos producidos no ámbito domiciliario.

Así mesmo, a consellería aprobou á mellora aos accesos do punto limpo de O Carballiño, sito na Medela. O proxecto conta cun orzamento total de 197.278 euros, que será financiado con cargo ás anualidades deste exercicio e do próximo ano. A actuación conta cun prazo de oito meses unha vez que sexan adxudicados os traballos de mellora de accesos do recinto, construído no ano 2002.



A XUNTA INVISTE 207.248 EUROS NA REFORMA E MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE CASTRO CALDELAS

O Consello da Xunta, na súa reunión celebrada hoxe, deu luz verde ao proxecto de renovación da rede de abastecemento de Castro Caldelas (Ourense) que acometerá a Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh). O custo destas obras, que financiará integramente a Administración hidráulica da Xunta, ascende a 207.248 euros.

O prazo de execución desta actuación é de tres meses. As obras consistirán en mellorar e renovar tanto a actual rede de abastecemento de auga como a existente Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP), que sofren unha deterioración producida polo paso do tempo e constantes avarías. Entre outras medidas, procederase a renovar treitos de tubo da rede e acometer melloras tanto no depósito de auga como na estación de bombeo que está ao pé do río.



MEDIO AMBIENTE FINANCIADA, CON 392.000 EUROS, OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGAS EN CAMPO LAMEIRO

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), realizará conxuntamente co Concello de Campo Lameiro obras de saneamento e abastecemento de augas neste municipio pontevedrés, cun custo total de 490.000 euros. O Consello da Xunta aprobou hoxe este plan de actuacións que consiste na construción da rede de saneamento e depuración de augas do núcleo de Praderrei así como o saneamento, depuración e abastecemento do polígono de Campo Lameiro.

Medio Ambiente, unha vez estudada a petición de obras do Concello de Campo Lameiro e examinada a súa situación económica, acordou investir nestas actuacións hidráulicas 392.000 euros, o 80% do financiamento total necesario. A Corporación municipal contribuirá, pola súa banda, cunha achega de 98.000 euros (o 20% restante).

Este programa, que permitirá dotar de redes de saneamento, abastecemento e depuración de augas o núcleo de Praderrei así como o polígono de Campo Lameiro, ten un prazo de execución de 12 meses. En ambos os lugares construírse unha Estación Depuradora de Augas Residuais (Edar).



A EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DE 2005 PERMITIU AVANZAR NO NECESARIO SANEAMENTO FINANCEIRO E ACABAR CON SUPERAVIT O EXERCICIO

- *O conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, presentou hoxe no Consello da Xunta dous informes elaborados polo seu departamento*
- *A execución orzamentaria do ano pasado acadou un superávit de 30,9 millóns de euros*
- *O rigor e transparencia na xestión permitiu un importante avance no saneamento financeiro respecto dos anteriores exercicios ademais dun elevado cumprimento dos compromisos*
- *Os resultados da Comisión de Expertos que elaboraron o Informe Económico Financeiro sobre os exercicios 2004 e 2005 revelan que a 31 de decembro os gastos no contabilizados no exercicio ascendían a 403 millóns de euros*

A Xunta de Galicia concluíu o exercicio 2005 cun bo nivel de cumprimento dos seus compromisos orzamentarios e un importante avance no saneamento financeiro das contas públicas. Segundo o informe de execución do ano 2005 presentado polo Conselleiro de Economía e Facenda na sesión do Consello celebrada hoxe, a transparencia e o rigor na execución orzamentaria permitiu á Administración galega acadar un superávit de 24 millóns de euros -sen incluír o saldo financeiro- o que supón unha mellora respecto da previsión deficitaria incluída nos orzamentos. O superávit final do exercicio, incluíndo o saldo financeiro, acadou os 30,9 millóns de euros.

A consecución deste resultado, segundo explicou Fernández Antonio no Consello, supón unha clara mellora respecto das previsións iniciais e foi posible grazas á boa xestión acadada. Seguindo os principios de transparencia e rigor na xestión do gasto público, a Administración galega tamén conseguiu un importante avance no saneamento financeiro ao absorber parte dos gastos desprazados de exercicios anteriores.

O Consello da Xunta tamén recibiu do conselleiro de Economía o Informe Económico e Financeiro sobre a situación financeira da Comunidade Autónoma nos anos 2004 e 2005. Este informe foi elaborado por unha comisión de expertos independentes constituída o pasado mes de novembro e desenvolveu os seus traballos en colaboración con unha unidade especial creada na Intervención Xeral da Xunta de Galicia. O obxectivo da comisión -cuxa formación foi comprometida no pasado mes de setembro polo conselleiro de Economía no Parlamento galego- foi o de elaborar unha diagnose independente sobre a situación neses exercicios e, nomeadamente, sobre a liquidación dos orzamentos e os compromisos de gastos adquiridos. O informe de Economía sinala tamén que no resultado do exercicio 2005 destaca a



mellora rexistrada pola parte dos ingresos grazas a un mellor rendemento dos impostos e ás achegas derivadas da II Conferencia de Presidentes.

Precisamente, en relación cos gastos desprazados de exercicios anteriores, o informe da Comisión recolle que a 31 de decembro de 2004 o gasto non contabilizado ascendía a 403 millóns de euros, duplicando ademais o nivel do ano anterior. Dito saldo, sen embargo, foi reducido nun 69% ao finalizar o exercicio 2005, quedando así reducido a 125 millóns de euros.

Tal e como recolle o documento elaborado, era necesaria una xestión do gasto máis axuntada aos principios contables de devengo e anualidade, o que ven a referendar o axuste sobre os gastos desprazados de exercicios anteriores xa realizado pola Xunta de Galicia no ano 2005. O informe ratifica, polo tanto, os criterios aplicados na liquidación do último exercicio, á vez que recomenda avanzar na depuración de dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores e das obrigas pendentes de pago; e tamén na integración dos sistemas de información contable.